

presentar por medios telemáticos a citada declaración en representación de terceiras persoas.

A devandita orde poderá prever igualmente que outras persoas ou entidades accedan ó devandito sistema de presentación por medios telemáticos en representación de terceiras persoas.»

Disposición adicional única. *Presentación de declaraciones en euros.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto e ata o 31 de decembro de 2001, os obrigados tributarios que optaran ou opten por expresar en euros as anotacións en tódolos seus libros rexistro esixidos pola normativa fiscal, así como os obrigados tributarios que leven ou levaran a cabo a adaptación ó euro das anotacións nos seus libros de contabilidade esixidos polo Código de comercio ou a lexislación específica que lles sexa aplicable, poderán exercer en calquera momento a opción por presentalas declaracións e autoliquidacións tributarias na devandita unidade monetaria, dentro dos prazos de presentación establecidos na normativa legal e regulamentaria vixente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DO INTERIOR

18667 *REAL DECRETO 1034/2001, do 21 de setembro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento de espectáculos taurinos, aprobado polo Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro. («BOE» 240, do 6-10-2001.)*

En cumprimento dos obxectivos previstos no artigo 5.1 da Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos, isto é: asegurar un nivel profesional digno e garanti-los léximos intereses a todos cantos interveñen nos espectáculos taurinos, creouse un Rexistro Xeral dos profesionais do sector mediante o Regulamento de espectáculos taurinos, aprobado polo Real decreto 176/1992, do 28 de febreiro, que foi derogado polo vixente Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, no que se mantivo a mesma regulación, respecto ó devandito rexistro, ca no real decreto anterior.

A experiencia adquirida desde a creación do devandito rexistro deixou ver unha serie de quebras no enunciado da norma regulamentaria, as cales dificultan o logro dos fins previstos, ó posibilita-los casos de intruismo profesional, así como a adquisición de categorías sen a debida preparación que o decoro, a dignidade profesional e a seguridade das persoas esixen.

Outro aspecto preciso do vixente regulamento, as condicións esixidas no artigo 21.2 ás prazas portátiles en canto ás dimensións da area, a barreira, os burladeros e o callejón, que viñan a se-las mesmas que as que se esixían ás prazas permanentes, comprobouse na práctica que resultan excesivas, sendo por outra parte acon-

sellable distinguir en canto ás medidas mínimas que precisan os elementos referidos entre as prazas en que se celebran todo tipo de espectáculos taurinos e naqueloutras dedicadas exclusivamente á celebración de festexos populares ou á lida de machos de menos de tres anos, o que recomenda a puntual modificación do precepto.

Resulta ademais obrigado recupera-lo parágrafo que figuraba entre os parágrafos c) e d) do artigo 29 do Regulamento de espectáculos taurinos, na súa anterior redacción de 1992 (actual artigo 28); así como especificar no artigo 70.2 que o axudante do mozo de espadas formará parte da cuadrilla, sempre que actúe.

Finalmente, para favorecer-lo funcionamento das escolas de tauromaquia, ineludible labor de fomento das administracións públicas, e ofrecer maiores posibilidades de formación ós seus alumnos, modifícase o artigo 92 do regulamento, dando entrada á posibilidade de que as súas clases prácticas poidan consistir na reprodución das faenas campeiras de selección das reses de lida.

Co fin de supli-las referidas lagoas ou deficiencias normativas, e mellor garanti-lo cumprimento dos obxectivos do referido artigo 5.1 do texto legal, procédese a modifica-la redacción de diversos artigos do Regulamento de espectáculos taurinos vixente, aprobado polo Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, oída a Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2001,

DISPONGO:

Artigo único.

O capítulo I do título II; os números 1 e 2 do artigo 21; o artigo 28; o número 2 do artigo 70, e os números 5 e 6 do artigo 92 do Regulamento de espectáculos taurinos, aprobado polo Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, que a continuación se relacionan, quedan redactados do seguinte xeito:

«A) TÍTULO II

Dos rexistros profesionais taurinos e de empresas gandeiras de reses de lida

CAPÍTULO I

Rexistro Xeral de Profesionais Taurinos

Artigo 2.

1. Co fin de asegurar un nivel profesional digno e de garanti-los léximos intereses de cantos interveñen nos espectáculos taurinos, créase no Ministerio do Interior un Rexistro Xeral de Profesionais Taurinos.

2. O rexistro estrutúrase nas seguintes seccións:

Sección I: Matador de touros.

Sección II: Matadores de novillos con picadores.

Sección III: Matadores de novillos sen picadores.

Sección IV: Rejoneadores.

Sección V: Banderilleiros e picadores.

Sección VI: Toureiros cómicos.

Sección VII: Mozos de espada.

3. A inscrición no rexistro terá carácter obrigatorio, e non poderá intervir nos espectáculos taurinos nos que se esixa a profesionalidade dos participantes quen non acredite a vixencia da súa inscrición na correspondente sección. Os inscritos nunha sección poderán participar en festivais nunha categoría inferior á que desempeñan.

4. Sen prexuízo do establecido en convenios internacionais ou da aplicación de criterios de reciprocidade, os profesionais estranxeiros deberán inscribirse no rexistro para actuar nas prazas de touros españolas, seguindo o mesmo procedemento que os profesionais españois. No correspondente carné profesional farase consta-la data de caducidade da inscrición e no rexistro figurará o dato do seu domicilio en España.

A vixencia temporal da inscrición dos profesionais estranxeiros non comunitarios terá como límite a duración do respectivo permiso de traballo ou, se é o caso, da súa exención, concedidos polas autoridades competentes.

5. O Rexistro Xeral de Profesionais Taurinos será público. A instancias de calquera interesado expediranse certificacións dos datos profesionais que consten nel.

Artigo 3.

1. A inscrición nas seccións correspondentes do rexistro practicarase logo da solicitude do interesado ou, no seu nome, dunha asociación de profesionais taurinos con representación na Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos ou polas seccións de espectáculos correspondentes dos sindicatos máis representativos, á que se lle xuntará a documentación acreditativa do cumprimento das condicións en cada caso esixidas para cada categoría profesional.

2. No rexistro faranse consta-los datos persoais do interesado, o seu nome artístico, categoría profesional que posúe e antigüidade nesta, número de actuacións en cada tempada, categorías profesionais posuídas con anterioridade e número de actuacións nelas, representante legal e demais datos relativos á carreira profesional. Tamén se farán consta-las sancións que, se é o caso, lle fosen impostas na súa vida profesional, a inscrición das cales será cancelada de oficio unha vez transcorridos os seus prazos de prescrición.

3. Anualmente, e antes da primeira actuación de cada tempada, os interesados deberán actualizar-los datos correspondentes á súa inscrición.

4. O carné que acredite a profesionalidade deberá ser renovado cada cinco anos, deberá levar impresa a fotografía do interesado e nel constará a data de antigüidade na categoría.

Artigo 4.

1. Para poder inscribirse na Sección I, o interesado deberá acredita-la súa intervención en vinte e cinco novilladas picadas e adquiri-la categoría de matador de touros conforme o disposto no presente artigo.

2. A adquisición da categoría efectuarase nunha corrida de touros. O matador máis antigo que alterne na corrida cederalle a quenda do seu primeiro touro ó aspirante, entregándolle a muleta e o estoque en sinal de recoñecemento da nova categoría, pasando o espada máis antigo a ocupar-lo segundo lugar. O seguinte matador en antigüidade, se o houbese, exercerá de testemuña na cerimonia da alternativa e ocupará o terceiro lugar. Nos touros restantes recuperarase a quenda normal de lida.

3. Non se autorizará a celebración de ningunha corrida de touros na que estea prevista a toma de alternativa dalgún aspirante a matador de touros, se no expediente de solicitude ou comunicación non se inclúe a certificación do Rexistro Xeral de Profesionais Taurinos na que se especifique que o aspirante presentou solicitude de inscrición na Sección I, e que acreditou a súa intervención en vinte e cinco novilladas picadas.

4. A confirmación da alternativa efectuarase, como é tradicional, na praza de touros de Las Ventas de Madrid, cando o novo matador actúe por primeira vez, como tal, nesta praza.

Artigo 5.

Para poder inscribirse na Sección II, o interesado deberá acredita-la súa intervención en dez novilladas sen picadores, procedéndose no prazo máis breve posible á expedición do novo carné. Os inscritos nesta sección poderán seguir actuando igualmente en novilladas sen picadores.

Artigo 6.

Para poder inscribirse na Sección III, o interesado deberá ser presentado por un profesional, que deberá posuír sempre unha categoría superior á do solicitante, ou gandeiro inscrito, que poidan dar fe da súa preparación e coñecementos. Abondará, así mesmo, a presentación por algunha asociación de profesionais taurinos con representación na Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos, ou polas seccións de espectáculos correspondentes dos sindicatos máis representativos.

Se o interesado foi alumno dunha escola taurina inscrita no Rexistro do Ministerio do Interior, durante polo menos un ano, abondará a acreditación desta circunstancia, acompañada dun certificado do director da escola de que o interesado asistiu ás clases con regularidade e bo aproveitamento, adquirindo suficientes coñecementos e preparación para iniciarse na profesión.

En todo caso, esixirase ter cumpridos os dezaseis anos para proceder á inscrición.

Artigo 7.

1. A Sección IV comprenderá dúas categorías: rejoneador de touros e rejoneador de novillos-touros.

Para acceder á primeira delas, os interesados deberán acredita-la súa intervención como rejoneadores de novillos en polo menos vinte espectáculos. Os inscritos nesta categoría poderán tamén actuar en espectáculos onde se liden novillos.

2. A adquisición da categoría de rejoneador de touros farase nunha corrida de touros na que o rejoneador máis antigo dará ó aspirante a alternativa cedéndolle o touro que lle corresponda.

Non poderá autorizarse a celebración dunha corrida de touros para rejones, na que estea anunciada algunha toma de alternativa, sen que no expediente de solicitude ou comunicación figure certificación do Rexistro Xeral de Profesionais Taurinos de que o interesado, aspirante á primeira categoría da Sección IV, presentou a correspondente solicitude achegando a documentación acreditativa da súa intervención como rejoneador en vinte novilladas.

3. Para inscribirse na categoría de rejoneador de novillos-touros, o interesado haberá de reunir algún dos requisitos establecidos no artigo anterior e ter cumprida a idade de dezaseis anos.

Artigo 8.

1. A Sección V comprenderá as categorías seguintes:

Banderilleiro:

Categoría a): Banderilleiros de touros.

Categoría b): Banderilleiros de novillos-touros.

Categoría c): Banderilleiros de novillos.

Picadores:

Categoría a): Picadores de touros.

Categoría b): Picadores de novillos-touros.

2. Banderilleiro:

a) A categoría de banderilleiro de touros faculta para intervir como tal en corridas de touros e en calquera outro espectáculo taurino. Poderán inscribirse nesta categoría os profesionais que interviñesen como banderilleiros en polo menos vinte-cinco novilladas con picadores, así como os profesionais que con anterioridade estivesen inscritos na Sección I, ou aqueles que, figurando inscritos na Sección II, acrediten ter actuado en tal condición polo menos en vintecinco novilladas con picadores.

b) A categoría de banderilleiro de novillos-touros faculta para intervir como banderilleiro en calquera espectáculo taurino con excepción das corridas de touros. Poderán inscribirse nesta categoría os profesionais que interviñesen como banderilleiros en polo menos vinte novilladas sen picadores. A expedición do carné profesional ó ascender a esta categoría b) deberá realizarse no prazo máis breve posible.

Os novilleros inscritos na Sección II poderán solicita-la inscrición automática nesta categoría.

c) A categoría de banderilleiro de novillos facultará para intervir en novilladas sen picadores. Para poder inscribirse nesta categoría, abondará con ser presentado por algunha asociación de profesionais taurinos con representación na Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos, ou polas seccións correspondentes de espectáculos dos sindicatos máis representativos, ou, conxuntamente, por un profesional inscrito na Sección I e dous profesionais inscritos na categoría a) da Sección V.

Cando o solicitante sexa alumno dunha escola taurina inscrita no Rexistro do Ministerio do Interior, durante polo menos un ano, abondará a acreditación desta circunstancia, acompañada dun certificado do director da escola de que o interesado asistiu ás clases con regularidade e bo aproveitamento, adquirindo suficientes coñecementos e preparación para iniciarse na profesión.

En todo caso, esixirase ter cumpridos os dezaseis anos para proceder á inscrición.

3. Picadores:

a) A categoría de picador de novillos-touros faculta para intervir en festexos en que se liden reses de menos de catro anos. Para poder inscribirse nesta categoría, o aspirante deberá superar unha proba funcional ante un tribunal formado por profesionais, gandeiros e picadores de touros inscritos na categoría a), e/ou retirados, nos que o aspirante demostre nunha primeira fase a súa pericia como cabalista e o seu coñecemento da doma, e nunha segunda fase, unha vez superada a primeira, a súa destreza no uso da vara de picar durante a execución da sorte. O aspirante deberá picar un mínimo de tres uteros ante o tribunal.

As probas serán realizadas polas comunidades autónomas que dispoñan dos medios necesarios,

co concurso das asociacións oficiais de gandeiros, mediante convocatoria na que se designarán os membros de tribunal e se regularán as bases que deben rexe-lo proceso selectivo.

Poderán presentarse á proba funcional os aspirantes que acrediten, mediante certificados expedidos por gandeiros de reses bravas inscritos, ter participado nos dous anos anteriores á presentación da solicitude nun mínimo de quince tentaderos de femias, nos que picara non menos de trinta femias. As certificacións deberán especifica-lo terreo en que se produciu tenta, os toureiros que interviñeron nela, a data e o número de femias picadas.

Tamén poderán presentarse á proba funcional aqueles aspirantes que estiveran matriculados durante un ano nunha escola taurina de picadores, achegando certificado de suficiencia asinado polo seu director técnico.

b) A categoría de picador de touros faculta para intervir en calquera espectáculo con picadores. Poderán inscribirse nesta categoría os profesionais que interviñeran en polo menos trinta novilladas con picadores.

Artigo 9.

1. Os toureiros cómicos e os mozos de espada deberán inscribirse nas seccións VI e VII do Rexistro de Profesionais Taurinos, respectivamente.

2. Abondará para a inscrición dos toureiros cómicos coa súa presentación por unha asociación de profesionais taurinos con representación na Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos, polas seccións de espectáculos correspondentes dos sindicatos máis representativos, ou por un profesional da Sección I, ou da propia Sección VI, xa inscrito.

3. Os mozos de espada poderán ser presentados por un profesional inscrito nas seccións I ou II do rexistro, por unha asociación de profesionais taurinos con representación na Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos, ou polas seccións de espectáculos correspondentes dos sindicatos máis representativos.

B) Artigo 21.

1. Son prazas portátiles as construídas con elementos desmontables e trasladables de estrutura metálica ou de madeira coa solidez debida para a celebración de espectáculos taurinos.

2. Deberán cumprir, en todo caso, coas esixencias de seguridade e hixiene establecidas pola normativa vixente aplicable. O diámetro mínimo da area será de 40 metros, ou de 30 metros nas prazas portátiles destinadas exclusivamente á lida de machos de menos de tres anos de idade e á celebración de espectáculos ou festexos populares. En tódolos casos, a barreira terá unha altura mínima de 1,60 metros, e a contrabarreira, de 2,20 metros, considerada xunto co cable ou cadea, a anchura do callejón non será inferior ós 1,35 metros, e neste instalaranse os burladeros necesarios para a protección das persoas que deban prestar servizos durante a celebración dos espectáculos. Así mesmo, tódalas prazas deberán contar, polo menos, cun curral para o recoñecemento das reses que reúna as dimensións e medidas de seguridade axeitadas.

C) Artigo 28.

1. As solicitudes de autorización e as comunicacións a que fan referencia os artigos anteriores serán presentadas polos organizadores cunha ante-

lación mínima de cinco días, e nelas faranse constalos seguintes extremos: datos persoais do solicitante, empresa organizadora, clase de espectáculo, lugar, día e hora de celebración e cartel anunciador do festexo, no que se indicará o número, clase e procedencia das reses que se van lidar, nome dos lidadores, número e clases dos billetes, prezos destes e lugar, día e horas de venda ó público, así como as condicións do abono se o houber.

2. Xunto coa solicitude ou comunicación o interesado presentará os seguintes documentos:

a) Certificación dun arquitecto, arquitecto técnico ou aparellador, na que se faga constar taxativamente que a praza, calquera que sexa a súa categoría, reúne as condicións de seguridade precisas para a celebración do espectáculo de que se trate.

b) Certificación do xefe do equipo médico cirúrxico da praza de que a enfermería reúne as condicións mínimas necesarias para o fin a que está dedicada e está dotada dos elementos materiais e persoais regulamentariamente establecidos.

c) Certificación veterinaria de que os currais, chiqueros, cortes e esfoladoiros reúnen as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas, así como da existencia do material necesario para o recoñecemento post mortem esixido pola normativa vixente.

As certificacións a que se fai referencia nos parágrafos a), b) e c) anteriores presentaranse unicamente ó comunica-lo primeiro festexo que se celebre no ano natural na mesma praza permanente, sempre e cando non varíen, calquera que sexan as causas, as súas condicións, ou cambie a empresa organizadora do espectáculo, sen prexuízo da inspección que a Administración poida realizar no transcurso da tempada.

d) Certificación do concello da localidade, na que conste a autorización da celebración do espectáculo nos casos en que esta sexa preceptiva, ou de que a praza está amparada pola correspondente licenzia municipal.

e) Copia dos contratos cos matadores actuantes ou empresas que os representen e certificación da Seguridade Social na que conste a inscrición da empresa e a alta dos actuantes, así como de estar ó corrente no pagamento das cotas á Seguridade Social.

f) Certificacións do Libro Xenealóxico da Raza Bovina de Lida relativas ás reses que se van lidar, e fotocopias compulsadas das certificacións dos sobrerros.

g) Copia do contrato de compravenda das reses.

h) Copia da contrata de cabalos.

i) Certificación da constitución do seguro a que se refire o artigo 91.1.e) deste regulamento.

3. Nas corridas de touros e novilladas nas que se anuncien un ou dous espadas incluírase tamén un sobresaínte de espada, que será un profesional inscrito na sección do Rexistro de Profesionais Taurinos que corresponda coa categoría do espectáculo.

D) Artigo 70.

2. Os espadas comporán as súas cuadrillas con dous picadores, tres banderilleiros, un mozo de espadas e un axudante do mozo de espadas, cando actúe. No suposto de que un espada lide unha corrida completa, sacará dúas cuadrillas, ademais da súa propia. Se son dous os espadas que han de actuar, cada un deles deberá aumenta-la súa cuadrilla cun picador e un banderilleiro.

No caso de que un matador non teña que estoquear máis dunha res, a súa cuadrilla estará composta por dous banderilleiros e un picador. No suposto de que un matador teña cuadrilla fixa, deberá sacala completa.

E) Artigo 92.

5. Durante as leccións prácticas con reses de lida deberá actuar como director de lida un profesional matador de touros, ou novillero inscrito na Sección II do Rexistro de Profesionais Taurinos, que acredite ter intervindo en polo menos vintecinco novilladas con cabalo, e, mentres se impartan estas, os servicios de enfermería estarán atendidos conforme as prescricións sanitarias que para o efecto se establezan. Os alumnos que participen en tales prácticas deberán ter cumpridos os catorce anos de idade.

As clases prácticas poderán consistir na reprodución das faenas de selección ou campo das reses de lida, realizadas nas debidas condicións en prazas portátiles ou fixas distintas das prazas de tentas dos terreos gandeiros.

6. Las reses que se liden durante as clases prácticas poderán ser machos ou femias, sen limitación de idade respecto a estas e un máximo de dous anos en canto ós machos.

Se as reses son femias, a clase práctica consistirá nunha faena de tenta similar á que os gandeiros realizan no campo, polo que a decisión da súa morte na area dependerá da decisión do gandeiro. Se se trata dun tentadero de machos, estes non poderán ser toureados polos alumnos, salvo que o gandeiro renuncie á súa selección como futuro semental. No caso de que se trate de reses cedidas ou adquiridas para a súa lida, sempre serán matadas a estoque na area.»

Disposición transitoria primeira.

Os que á entrada en vigor das disposicións aprobadas por este real decreto estean inscritos no Rexistro de Profesionais Taurinos continuarán de alta na devandita inscrición.

Aquelas persoas que viñesen desempeñando actividades profesionais das contempladas nas seccións VI e VII do rexistro, poderán solicitar directamente a súa inscrición na sección correspondente, por si ou a través dunha asociación de profesionais taurinos con representación na Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos, ou polas seccións de espectáculos correspondentes dos sindicatos máis representativos, logo da acreditación da súa condición e categoría.

Disposición transitoria segunda.

En tanto non se regule o procedemento para a realización das probas selectivas funcionais para candidatos a picadores de novillos, previstas no novo artigo 8.3.a) do Regulamento, só poderán inscribirse na devandita categoría os aspirantes que acrediten, nos termos contidos no parágrafo terceiro do artigo citado, a súa intervención en polo menos quince tentaderos, tendo picado un mínimo de trinta femias.

Disposición derradeira única.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro do Interior,
MARIANO RAJOY BREY